



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**  
**E DO MAR**  
 Secretaría Xeral Técnica

*Rx. Entrada Lugo: 13-08-2014*

Edificio Administrativo San Caetano  
 15771 Santiago de Compostela  
 Tfños. 981 544 038, 981 544990  
 Fax: 981 545003

*galicia*

**REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA**  
 REGISTRO XERAL  
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 12/08/2014 09:20:55

Rf.: Servizo Réxime Patrimonial/JVC/ asg

**SAÍDA 75324 / RX 712813**




**ASUNTO:** Comunicación de baixa no Inventario Xeral

Achegamos para o seu coñecemento, copia da comunicación de baixa no Inventario Xeral de Bens e Dereitos da finca rústica denominada Monte Bibei, por ter o carácter de monte veciñal en man común, e que nos remitiu a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio.

Santiago de Compostela, 8 de agosto de 2014.

O vicesecratario xeral



**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**  
**XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO**






067639 27.05.14 09:16

**Jmdg/patrimonio**

**Asunto:** Comunicación de baixa practicada no Inventario Xeral.

**Inmobles:** Fincas rústicas Monte Bibei. Quiroga. Lugo

**Centro en Inventario:** L0394



No Inventario Xeral de Bens e Dereitos constaba dado de alta o denominado Monte Bibei, cunha superficie de 222 Ha. ou o que o mesmo, 2.200.000 metros cadrados.

O título, en virtude do cal se ten practicado a alta en Inventario, ven constituído polo Real Decreto 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da Natureza, publicado no BOE do 31 de agosto de 1984.

Con posterioridade, con igual fundamento xurídico legal, tense promovido a inscrición rexistral do ben e dereito a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, e obtida a mesma do Rexistro da Propiedade de Quiroga, con data 1 de xaneiro de 2001.

Non obstante o anterior, nunha comunicación - informe enviada polo xefe do servizo de Montes da Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería do Medio Rural e do Mar, datado o 21/06/2013, este poñía de manifesto que a pesar de que o referido monte foi incluído no anexo do Real Decreto de transferencias efectuadas polo Estado, e da orixe que posuía o seu título de adquisición - compravenda ao concello- a superficie do monte tiña sido obxecto de inclusión no perímetro dos montes declarados, polo Xurado de Montes Veciñais en Man Común, con tal natureza, en virtude de acordo adoptado por aquel con data 07/07/1976.

Así as cousas, un órgano dependente da mesma administración na que se integraba os responsable da política administrativa, en materia forestal, ten adoptado un acordo que ao abeiro do disposto no artigo decimo terceiro da lei sobre montes veciñais en man común, Lei 52/1968, do 27 de xullo (BOE do 29 de xullo de 1968) produce o efecto de excluír dos inventarios e catálogos os montes así declarados.

Necesariamente coñecido tal acordo pola administración forestal esta non promove, ata onde se coñece, acción algunha, nin en vía contencioso administrativa, nin diante da xurisdición ordinaria, en defensa dos seus posible dereitos dominicais, pero o Estado chegado o momento de efectuar as transferencias ás Comunidades autónomas descoñece tal circunstancia, capital, e efectúa a transferencia dun ben e dereito que, todo parece indicar, xa non se atopa no seu patrimonio.

A transferencia formal motiva a alta en Inventario e os demais trámites realizados, por máis que mediaba no asunto a circunstancia relatada que cuestiona a corrección de tales anotacións.





**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE FACENDA  
Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio

Edificios administrativos - San Caetano s/n

15781 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 544 121 / Fax: 981 544 125

secretaria.xeral@conselleriadefacenda.es

galicia

Ao día da data, no curso dos traballos de actualización da información incorporada ao tan citado Inventario Xeral, procedese a dar de baixa o referido monte, por entender que en aplicación do disposto no artigo 13º da Lei 52/1968, do 27 de xullo, o citado monte posúe o carácter de monte veciñal en man común, e tal declaración, dende a súa adopción o 07/07/1976, impide atribuír a súa pertenza ao patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Do que se lle da traslado para o seu coñecemento e efectos.

Santiago de Compostela, 26 de xuño de 2014.

**A Secretaria Xeral Técnica e do Patrimonio**

  
María Socorro Martín Hierro



**SECRETARÍA XERAL TÉCNICA**  
**Servizo de Réxime Patrimonial**  
**CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR**  
**EDIFICIO ADMINISTRATIVO SAN CAETANO**  
**15781- SANTIAGO DE COMPOSTELA**

L0394 F004083

TERREOS RÚSTICOS QUIROGA.  
[Monte Bibe]

---

No Inventario Xeral de Bens e Dereitos consta dado de alta o denominado Monte Bibe, cunha superficie de 222 Ha. ou o que o mesmo, 2.200.000 metros cadrados.

O título, en virtude do cal se ten practicado a alta en Inventario, ven constituído polo Real Decreto 1535/1984, do 20 de xuño, de ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da Natureza, publicado no BOE do 31 de agosto de 1984.

Con posterioridade, con igual fundamento xurídico legal, tense promovido a inscrición rexistral do ben e dereito a favor da Comunidade Autónoma de Galicia, e obtida a mesma do Rexistro da Propiedade de Quiroga, con data 1 de xaneiro de 2001.

Non obstante o anterior, nunha comunicación - informe enviada polo xefe do servizo de Montes da Xefatura Territorial de Lugo, da Consellería do Medio Rural e do Mar, datado o 21/06/2013, este poñía de manifesto que a pesar de que o referido monte foi incluído no anexo do Real Decreto de transferencias efectuadas polo Estado, e da orixe que posuía o seu título de adquisición - compravenda ao concello - a superficie do monte tiña sido obxecto de inclusión no perímetro dos montes declarados, polo Xurado de Montes Veciñais en Man Común, con tal natureza, en virtude de acordo adoptado por aquel con data 07/07/1976.

Así as cousas, un órgano dependente da mesma administración na que se integraba os responsable da política administrativa, en materia forestal, ten adoptado un acordo que abeiro do disposto no artigo decimo terceiro da lei sobre montes veciñais en man común, Lei 52/1968, do 27 de xullo (BOE do 29 de xullo de 1968) produce o efecto de excluír dos inventarios e catálogos os montes así declarados.

Necesariamente coñecido tal acordo pola administración forestal esta non promove, ata onde se coñece, acción algunha, nin en vía contencioso administrativa, nin diante da xurisdición ordinaria, en defensa dos seus posible dereitos dominicais, pero o Estado chegado o momento de efectuar as transferencias ás Comunidades autónomas descoñece tal circunstancia, capital; e efectúa a transferencia dun ben e dereito que, todo parece indicar, xa non se atopa no seu patrimonio.

A transferencia formal motiva a alta en Inventario e os demais trámites realizados, por máis que mediaba no asunto a circunstancia relatada que cuestiona a corrección de tales anotacións.

Ao día da data, no curso dos traballos de actualización da información incorporada ao tan citado Inventario Xeral, procedese a dar de baixa o referido monte, por entender que en aplicación do disposto no artigo 13º da Lei 52/1968, do 27 de xuño, o citado monte posúe o carácter de monte veciñal en man común, e tal declaración, dende a súa adopción o 07/071976, impide atribuír a súa pertenza ao patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para coñecemento dos interesados darase traslado de tal baixa á Consellería do Medio Rural e do Mar, e promoverase a baixa nos rexistros nos que tal titularidade se atope atribuída á C.A. de Galicia.

Santiago de Compostela, a 26 de xuño de 2014.

O xefe do servizo Técnico de inventario.

**Nota.- Documentación do Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común e do Rexistro da Propiedade de Quiroga, OUT/2014/0047.**



MR: 110280

ASUNTO: Actualización do Inventario Xeral de Bens da Comunidade Autónoma con relación aos montes patrimoniais "Vieiro", no concello de A Fonsagrada e "Bibey", no concello de Quiroga.

En relación ao seu escrito de data 18 de xuño de 2013, no que solicita información sobre os montes patrimoniais "Vieiro", término municipal de A Fonsagrada e Bibey, término municipal de Quiroga, infórmolle o seguinte:

No monte de "Vieiro", hai coincidencia entre as parcelas catastrais e a planimetría que se fixo no seu día trala compra da finca, existindo unha pequena diferenza de superficie entre a suma das parcelas catastrais e a superficie comprada (107,7191 ha, fronte ás 95 ha compradas); error admisible por diferente planimetría.

No monte de "Bibey", si existe un problema, xa que o dito monte foi comprado no ano 1962 polo antigo Patrimonio Forestal do Estado (unhas 220 has). Posteriormente no ano 1975, foi clasificado o monte veciñal en man común de "Encifeira", no que foi incluído totalmente o monte patrimonial (se xunta plano de clasificación). A Xerencia do Catastro, clasificó as parcelas do monte veciñal en man común, todas para a comunidade veciñal, sen excluír as que corresponderían ao monte patrimonial. Para complicar máis o tema das parcelas adxudicadas pola Xerencia do Catastro á comunidade, su superficie total parte é da comunidade e parte do monte patrimonial (se xunta plano e cadro da superficie total e a superficie do monte patrimonial).

Se excluímos a superficie das partes das parcelas que son do monte da Xunta de Galicia, vemos que coinciden aproximadamente as ditas superficies (216,02 ha, fronte as 220 ha).

Se remite por último a relación das parcelas catastrais adxudicadas á comunidade, según su NIF, e as afectadas polo monte patrimonial en parte.

Si teñen algunha dúbida, sobre o anteriormente indicado, prégoles se poñan en contacto con este servizo.

Lugo, 21 de xuño de 2013  
O xefe do servizo,

Ramón Rozadilla Valverde

CONSELLERÍA DE FACENDA  
SERVIZO TÉCNICO DE PATRIMONIO  
SUBDIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO  
Rúa Pastoriza, nº 8

15708 SANTIAGO DE COMPOSTELA

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO  
LUGO

SA/DA 75353 / RX 407399

Data 25/06/2013 13:53:31



646500


647000

647500

648000

648500

649000



4690500

4690000

4689500

4689000

4688500

4688000

4687500

646500

647000

647500

648000

648500

649000



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**  
**E DO MAR**

Servizo de Montes  
 Ronda da Muralla 70, Baixo 2º  
 27071 - Lugo

**MONTE: "BIBEY"**

Pertenza: Comunidade Autónoma

Elenco: LU-1002

Concello: Quiroga

Escala: 1: 15.000  
 Superficie: 220 ha.  
 S.R.: UTM 29 - ED50

Lugo, 18 de xuño de 2013  
 O enxeñeiro de montes

Fernando Rengifo Méndez-Núñez




OUT/2014/0047.

galicia

SL

**XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN**

MR 110280



Destinatario:

Consellería de facenda  
 Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio  
 San Caetano s/n  
 15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA (A  
 Coruña)

Asunto: Remisión documentación MVMC de Enciñeira (exp. 117/75 Quiroga)

Con data 08/05/2014, tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta en Lugo, escrito desa Secretaría, solicitando o texto literal do acordo de cualificación do MVMC de Enciñeira, e a planimetría, coa finalidade de acreditar a titularidade da Comunidade Autónoma sobre monte de Bibey.

En resposta á súa solicitude, xunto, remítese:

- Copia da resolución de clasificación do monte, de data 07/07/1976.
- Estado físico que consta na carpeta-ficha que figura no respectivo expediente.
- Esbozo do MVMC de Enciñeira, tal e como consta na devandita carpeta-ficha.

Lugo, 12 de maio de 2014

O XEFE TERRITORIAL  
 PRESIDENTE DO XURADO

José Ramón Losada Fernández



En la ciudad de Lugo, a 7 de julio de 1976, reunido el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en la Sala de Juntas del Gobierno Civil, acordó la clasificación del monte "DE ENCINEIRA", como monte vecinal en mano común, a tenor de la siguiente resolución:

Visto en el día de la fecha el expediente de clasificación del monte "DE ENCINEIRA", expediente N° 117/75, del ayuntamiento de Quiroga, promovido a instancia de la Administración Forestal, y

RESULTANDO.- Que con fecha 9 de diciembre 1975, el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, acordó la iniciación y tramitación del expediente de clasificación del monte "DE ENCINEIRA", designando como Instructor al Vocal D. José-Manuel Rozas Díaz.

RESULTANDO.- Que con fecha 9 de enero de 1976, se dictó providencia por la que se dá comienzo al expediente de clasificación N° 117/75, poniendo por cabeza del mismo, copia del acuerdo del Jurado Provincial y la documentación aportada.

RESULTANDO.- Que con fecha 9 de enero de 1976, se dictó providencia acordando requerir al ayuntamiento de Quiroga, para que aportara: a) Certificación del Registro de la Propiedad, relativa al monte "DE ENCINEIRA", de 896 has, sito en la parroquia de Encineira; b) Certificación del Inventario de Bienes Municipales, relativa al monte "DE ENCINEIRA"; c) Certificación del Acuerdo Municipal, relativa al consorcio con el Patrimonio Forestal, para la repoblación del citado monte.

RESULTANDO.- Que con fecha 9 de enero de 1976, se acordó recabar de la Administración Forestal certificación relativa a si el monte "DE ENCINEIRA" del ayuntamiento de Quiroga, figura incluido dentro del Catálogo de Montes de Utilidad Pública.

RESULTANDO.- Que con fecha 9 de enero de 1975, se dictó providencia, por la que se acuerda la publicación de edicto en el B.O. de la provincia y en el Tablón de Anuncios del Ayuntamiento de Quiroga, poniendo en conocimiento de todos los interesados, la incoación del presente expediente de clasificación, a fin de que pudieran comparecer e intervenir en él, en defensa de sus derechos e intereses; publicación que se llevó a efecto en el B.O. de la provincia N° 15, correspondiente al día 20 de enero de 1976, y en el Tablón de Anuncios del ayuntamiento de Quiroga, según certificación del Secretario del mismo, de 9 de febrero de 1976.

RESULTANDO.- Que con fecha 16 de enero de 1976, se recibió certificación interesada del Instituto Nacional para la Conservación de la Naturaleza, en la que se hace constar que el monte "DE ENCINEIRA", no figura incluido dentro del Catálogo de Utilidad Pública.

RESULTANDO.- Que en la instrucción del expediente, se han cumplido los trámites y formalidades que establecen la Ley de Montes Vecinales en Mano Común, de 27 de julio de 1968 y su Reglamento de 26 de febrero de 1960, así como la Ley de Procedimiento Administrativo de 17 de julio de 1958.

Vistas las citadas Leyes y Reglamento y disposiciones de pertinente aplicación

CONSIDERANDO.- Que el Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, tiene competencia y jurisdicción para conocer del expediente, el cual fué promovido por la Administración

Forestal, con capacidad y legitimación para ello, habiendo se formulado la iniciación y tramitación del expediente, en el lugar, forma y tiempo, todo ello, a tenor de lo dispuesto en los artículos 10 y 11 de la Ley de 27 de julio de 1963 y su Reglamento de artículos 10 y 18.

CONSIDERANDO.- Que para determinar si un monte merece la calificación de vecinal en mano común, se hace preciso concretar si en el mismo concurren los requisitos reales que establecen los artículos 1º de la Ley de Montes Vecinales en Mano Común, y 1º del Reglamento, a saber: a) Que su pertenencia está atribuida a determinados vecinos agrupados en aldeas, lugares o parroquias, en calidad de tales, en proindivisión, con independencia de su origen en comunidad germánica o mano común; b) Que su pertenencia está atribuida a determinados vecinos, agrupados en aldeas, lugares o parroquias, y que tal comunidad de vecinos no esté constituida formalmente en entidad municipal.

CONSIDERANDO.- Que el monte "DE ENCINEIRA", está perfectamente identificado tanto por el ayuntamiento de Quiroga, como por la Administración Forestal, y en tal concepto fue consorciado, asimismo fue identificado por los vecinos que comparecieron en el expediente de investigación, los cuales se consideran con derecho a los aprovechamientos que sobre el citado monte puedan obtenerse, a partes iguales.

CONSIDERANDO.- Que cualquiera que hubiese sido la propiedad del monte en tiempos remotos, los efectos de la prescripción extraordinaria, regulada por el artículo 1959 del Código Civil, legitiman la titularidad de los actuales aprovechadores.

Este Jurado Provincial de Montes Vecinales en Mano Común, en sesión del día de la fecha y a la vista de los antecedentes y consideraciones reseñadas, ha acordado:

1º.- Clasificar el monte "DE ENCINEIRA" como se describe, en el expediente 117/75, como monte vecinal en mano común, perteneciente a los vecinos de la parroquia de Encineira, del ayuntamiento de Quiroga.

2º.- Que se remita certificación de la resolución de este Jurado al Registrador de la Propiedad, para la inscripción del monte a nombre de la comunidad titular del mismo, a tenor de lo dispuesto en el artículo 30 de su apartado a) del Reglamento de Montes Vecinales en Mano Común.

*[Handwritten signatures and stamps]*

*[Signature]*  
*[Signature]*  
*[Signature]*

Prov.*	Munic.*	Comunidad Prop.*	N. monte
LU	50	6	1

CLAVE DEL MONTE

### \* 3.- ESTADO FISICO

Ref. Índice

#### 3.1 SITUACION. ALTITUD. ACCESOS.

Estos montes de la parroquia de ENCINEIRA están situados en el extremo S. del término municipal de Quiroga, en la cuña que se adentra en la provincia de Orense hasta el río Bibay; forman término redondo en torno a los pueblos y fincas particulares de la parroquia, que queda abierto por el N. en el límite con el término vecinal de Anquiosiros.

Toda la parte del O. y S. está formada por lomas y vaguadas que bajan al río Bibay; la parte N.E. forma la cuenca primaria del arroyo de Sesmil que baja al río Sil frente a Montefurado.

El terreno es bastante accidentado, con fuertes pendientes en las bajadas al río Bibay y algo más suaves en el resto; las altitudes oscilan entre los 300 y 861 m.

Por el N. tienen acceso por caminos de servicio desde los pueblos de la parroquia, a la que llega una pista desde la presa de Montefurado. El extremo S. está cruzado cerca del río Bibay por

Prov.º	Munic.º	Comunidad Prop.º	N.º monte
LU	50	6	1

Ref.º Indic.º

CLAVE DEL MONTE

3.1

la carretera nacional de Ponferrada a Orense.

3.2 SUPERFICIE.

896 Has., obtenidas mediante planimetrado sobre  
1/25.000.

3.3 LINDEROS.

Los del término parroquial son:

N.- Monte de los antiguos vecinos de Balsada,  
monte y término de Angueiros y monte de la  
parroquia de Villanuz.


E.- Término municipal de Laroco (Orense).

S.- Rio Bibey y término municipal de Puebla de  
Trives (Orense).

O.- Rio Bibey dividiendo con término municipal  
de Puebla de Trives (Orense).

3.4 DESCRIPCION DEL PERIMETRO.

El perímetro de todo el término parroquial, com-  
prendiendo todo el monte, las fincas particula-  
res y los mismos pueblos de esta parroquia de En-  
cineira, puede describirse empezando por el extre-  
mo N.O. en el rio Bibey, de donde sube de O.E.  
por la Loma de Lourido dividiendo con el monte





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL  
Dirección Xeral de Ordenación e  
Produción Forestal

San Lázaro, s/n  
15781 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 546 108 Fax: 981 546 101  
mediorural.montesgalicia@xunta.es

galicia

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO XERAL  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 12/11/2015 11:09:47

SAÍDA 109126 / RX 1518685



Adxunto o expediente da comunicación da baixa do inventario xeral de bens e dereitos do monte Bibei, concello de Quiroga.

Santiago de Compostela, 11 de novembro de 2015.

O xefe do servizo de Montes Veciñais en Man Común e Estructuras Forestais:

Carlos González Andrés



Servizo de Montes de Lugo



MR.110280

Exp.: 18/2016

**Asunto:** Comunicación da baixa no inventario de bens da Xunta do monte "Bibey", LU-1002.

Con data 26 de xuño de 2014, a Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio deu de baixa no inventario de bens da Xunta ao monte "Bibey", LU-1002, ao entender que en aplicación do disposto no art. 13 da Lei 52/1968, do 27 de xullo o citado monte posúe o carácter de monte veciñal en man común, e tal declaración, dende a súa adopción o 07.07.1976 impide atribuír a súa pertenza ao patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia. Achégolle copia da comunicación.

O que comunico para os efectos oportunos.

Lugo, 29 de abril de 2016

O xefe do servizo

Ramón Rozadillas Valverde

RECIBIDO: 

PSE FALC

DATA: 04/05/2016

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO  
LUGO

SAÍDA 50421 / RX 606238

Data 02/05/2016 12:32:21



XEFE DO DISTRITO VIII "TERRA DE LEMOS"

R/ Alfredo Brañas, s/n

27400 - Monforte de Lemos LUGO



MR.110280

EXP.: 18/2016

**Asunto:** Comunicación da baixa no inventario de bens da Xunta do monte "Bibey", LU-1002.

Achégolle comunicación da Secretaría xeral técnica e do Patrimonio na que se indica que se procede a dar de baixa no inventario de bens da Xunta ao monte "Bibey", LU-1002, ao entender que en aplicación do disposto no art. 13 da Lei 52/1968, do 27 de xullo o citado monte posúe o carácter de monte veciñal en man común, e tal declaración, dende a súa adopción o 07.07.1976 impide atribuír a súa pertenza ao patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo coa certificación que se acompaña os gastos por traballos e os ingresos habidos no monte "Bibey", LU-1002, son os seguintes:

Gastos:	.....	186.191,87 €
Ingresos:	.....	1.188,72 €

O que lle comunico aos efectos que vostede considere oportunos.

Lugo, 29 de abril de 2016  
O xefe do servizo

Ramón Rozadillas Valverde

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE LUGO  
LUGO

Data 02/05/2016 12:32:22

SAÍDA 50434 / RX 606251



Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal  
Subdirección Xeral de Recursos Forestais  
Servizo de Xestión Forestal  
San Lázaro s/n - Santiago de Compostela

RAMÓN ROZADILLAS VALVERDE, XEFE DO SERVIZO DE MONTES DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL EN LUGO,

CERTIFICO:

Que dos antecedentes existentes neste servizo despréndese que no monte "Bibey", LU-1002, do concello de Quiroga, a día de hoxe, nas contas de gastos e de ingresos figuran as seguintes cantidades:

Gastos:	186.191,87 €
Ingresos:	1.188,72 €

E para que conste, expido o presente en Lugo a vinte e nove de abril de dous mil dezaseis.

